



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

Información sobre o desenvolvemento das probas de aptitude física (3º exercicio):

- Instalacións nas que se desenvolverán e horarios:

Día 3 de agosto:

A partires das 9:00 horas e durante a primeira metade da mañá desenvolveranse as probas de trepa de corda, axilidade, salto de altura e dominadas en barra horizontal nas instalacións deportivas da Universidade de Santiago de Compostela (pavillón e sá de usos múltiples).

A partires das 12:00 horas e durante a segunda metade da mañá desenvolveranse as probas en piscina, consistentes nas probas de natación 50 metros e de inmersión 25 metros, na piscina de Santa Isabel.

Día 4 de agosto:

A partires das 9:00 horas e durante a mañá desenvolveranse as probas de pista, consistentes no salto de lonxitude, velocidade 200 metros e resistencia 2000 metros, nas pistas de atletismo das instalacións deportivas do estadio Vero Boquete de San Lázaro.

- Horas e orde de chamamento:

Os aspirantes deberán personarse ás 9:00 horas do día 3 de agosto na porta de acceso ao Pavillón Polideportivo das instalacións deportivas da Universidade de Santiago de Compostela, sito na rúa de Xoaquín Díaz de Rábago, Campus Sur da USC, Santiago de Compostela.

En función da hora de remate das probas que se desenvolverán durante a primeira metade da mañá, indicárase a hora de chamamento na piscina de Santa Isabel, sita na rúa do Morón, 21- Santiago de Compostela.

Os aspirantes deberán personarse ás 9:00 horas do día 4 de agosto na porta 1 do estadio Vero Boquete de San Lázaro, sito na Avenida de Fernando de Casas Novoa- Santiago de Compostela.

A orde de chamamento para a execución das probas comezará pola letra S do primeiro apelido. Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

- Desenvolvemento das probas:

O exercicio será dirixido por un técnico especialista designado polo Tribunal en calidade de asesor e realizarase en presenza deste, e será o que dará as indicacións precisas antes do desenvolvemento de cada proba. O exercicio consistirá na realización das nove probas que se detallan no anexo IV das bases específicas reguladoras deste proceso selectivo (BOP n.º 155, do 18/09/2020), que executaranse na forma indicada no citado anexo. Durante o desenvolvemento das probas contarase coa asistencia de xuíces cronometradores.

- Indicacións non contempladas nas bases específicas para o desenvolvemento das probas:

. Uso de mascarilla: Os aspirantes deberán ir provistos de mascarilla, que deberán tela posta en todo momento, salvo no momento da execución da proba en que a poderán sacar segundo indicacións dos xuíces.

. Uso de vestiarios: Só se poderá facer uso de vestiarios na piscina de Santa Isabel; nas probas a desenvolverse nas demais instalacións os aspirantes deberán ir cambiados coa indumentaria



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

apropiada para a execución das probas. Poderán levar unha mochila ou bolsa de man para gardar roupa ou efectos persoais durante o desenvolvemento destas.

. Acompañantes: Só se admitirá o acceso de acompañantes, cun máximo de 2 por aspirante, no caso das probas de pista que se desenvolverán o día 4. Os acompañantes deberán ir provistos de mascarilla, que deberán tela posta en todo momento, e deberán gardar a distancia mínima de seguridade coas demais persoas asistentes de 1,5 metros.

. Poderase facer uso de zapatillas de cravos para as probas de pista.

. Non se poderá facer uso de traxes ou prendas de neopreno ou semellantes para as probas de piscina. Para o desenvolvemento desas probas os aspirantes deberán levar bañador, gafas e gorro de piscina.

. Para o desenvolvemento da proba consistente na trepa de corda, a organización porá a disposición dos aspirantes o magnesio, para o seu uso potestativo.

Santiago de Compostela, a 29 de xullo de 2021

O Presidente do tribunal

Modesto Rouco Vilar